

Presidente do Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia

A Limia-Arnoia
Calle Curros Enríquez, nº 15
32630 Xinzo de Limia
Ourense

Modificación da resolución pola que se aprobaron as Normas de xestión da Estratexia de Desenvolvemento Local Participativo (apartado 5 da EDLP) do GDR “Grupo de Desenvolvemento Rural A Limia-Arnoia” seleccionada polo Acordo do Consello de Dirección de Agader do 16 de novembro de 2016, ao abeiro da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020, para modificar os límites de axuda pública dos proxectos produtivos e non produtivos .

Antecedentes.-

- O Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se seleccionaron as estratexias de desenvolvemento local e se seleccionaron os GDR como entidades colaboradoras para a xestión da medida 19 (LEADER) do PDR de Galicia 2014-2020 reflectía que os criterios de selección e priorización de proxectos, así como as limitacións sectoriais correspondentes ás normas de xestión das estratexias quedaban pendentes de aprobación definitiva. O citado Acordo do Consello de Dirección delegaba na persoa titula da Dirección xeral de Agader a aprobación definitiva desas normas de xestión, condicionando a selección das estratexias de desenvolvemento local a esta aprobación definitiva.

Tendo en conta a necesidade de concreción e obxectivación dos diferentes criterios que servirán para seleccionar, valorar e priorizar os proxectos, e unha vez concretados entre Agader e o GDR, as limitacións sectoriais, criterios de selección e priorización de proxectos reflectidos nos parágrafos anteriores, a xunta directiva do GDR procedeu á aprobación dos mesmos mediante o Acordo do 16 de novembro de 2016.

Tendo en conta o sinalado nos parágrafos anteriores, emitíuse, o 30/01/2017, a RESOLUCIÓN do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020.

O GDR Grupo de desenvolvemento rural A Limia-Arnoia presenta unha solicitude de modificación da estratexia de desenvolvemento rural seleccionada, segundo acorda a xunta directiva do GDR realizada o 22 de Novembro de 2018, no referente a limitación da contía máxima por proxecto e a modificación puntual de limitacións sectoriais.



Fundamentos de dereito.-

-Acordo do Consello de Dirección de Agader do 10 de febreiro de 2016 polo que se aproban as bases reguladoras para a selección de estratexias de desenvolvemento local, para a selección e recoñecemento dos grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia e para a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020, e se convoca o correspondente proceso de selección, publicado mediante a Resolución do 11 de febreiro de 2016 (DOG núm. 42, do 2 de marzo).

-Acordo do Consello de Dirección da Agader do 16 de novembro de 2016 polo que se resolve a convocatoria sobre a selección de estratexias de desenvolvemento local e de grupos de desenvolvemento rural como entidades colaboradoras na xestión da medida Leader de Galicia, así como sobre a concesión da axuda preparatoria, cofinanciada co Fondo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Convenio de colaboración do 13 de decembro de 2016 entre a Axencia Galega de desenvolvemento rural (AGADER) e o GDR « Grupo de desenvolvemento rural a Limia-Arnoia», para a aplicación dunha estratexia de desenvolvemento local na medida Leader de Galicia, cofinanciado co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

-Acordo de delegación do 11 de xullo de 2013 do Consello de Dirección da Agader, feito público mediante a Resolución do 24 de xullo de 2013 (DOG nº 148, do 5 de agosto),

Tras comprobar que,

a modificación do Baremo non afecta de forma negativa a ningún dos proxectos que se poidan acoller a convocatoria de axudas Leader no marco da selección de operacións da submedida 19.20 para o ano 2019/20 e tendo en conta o informe proposta do subdirector de Relación cos GDR do 25 de marzo de 2019,

- RESOLVO:

1. Autorizar a modificación de resolución do 30/01/2017, do director xeral da Agader pola que se aprobaron as normas de xestión da estratexia para o período 2014-2020, nos seguintes termos:

A. CONTÍA AXUDA MÁXIMA:

- PROXECTOS PRODUTIVOS: 100.000 €
- PROXECTOS NON PRODUTIVOS PÚBLICOS E PRIVADOS: 30.000 €

B. MODIFICACIÓN S SECTORIAIS

Serán subvencionables unicamente as vivendas comunitarias, centros de día e residencias de maiores de nova creación, sempre que sexa un servizo novo no concello (presentar certificado ou informe municipal).

Non serán obxecto de subvencionalidade as ampliacións, melloras ou modernizacións de vivendas comunitarias, residencias de maiores ou centros de día, salvo aquelas actuacións de mellora da eficiencia enerxética ou da adaptabilidade a persoas con capacidades especiais.

Quedan excluídos de subvencionalidade todas as actuación que teñan como fin a construción ou mellora dun velorio ou tanatorio dentro da categoría de proxectos non produtivos.

O resto dos contidos da mesma permanecen inalterables.

Contra esta resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse recurso potestativo de reposición ante o Conselle de Dirección da Agader, no prazo dun mes contado dende o día seguinte ao da notificación, ou ben directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago de Compostela. Tamén poderá interporse calquera outro recurso que se estime oportuno.

En Santiago de Compostela, a 21 de decembro de 2018.

O director xeral de Agader

(Por delegación. Resolución do 24.07.2013. DOG nº 148, do 5 de agosto)

Miguel Ángel Pérez Dubois.

